

Tema 4

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A auga pode estar na Terra en **tres estados** distintos: **sólido**, **líquido** e **gasoso**. Os cambios de estado da auga son **fusión**, **solidificación**, **evaporación** e **condensación**.

1 Escribe en que estado se encontra a auga en cada caso.

- A auga da chuvia.
- O vapor de auga que está no aire.
- A neve dunha montaña.

2 Escribe o cambio de estado que representa.



3 Escribe a diferenza entre os termos de cada parella.

- Fusión e solidificación: _____

- Evaporación e condensación: _____

Tema 4


Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A auga na natureza atópase en constante movemento, que se denomina **ciclo da auga**. Neste movemento pasa por distintos estados e diferentes fases: **evaporación, condensación, precipitación e retorno**.

1 Observa o debuxo e escribe no lugar correspondente as seguintes fases do ciclo da auga.

precipitación – evaporación – condensación – retorno



2 Escribe que fase do debuxo anterior corresponde a cada unha destas oracións. Despois, ordénaas de forma correcta de 1 a 4.

- A auga das nubes cae en forma de chuvia, neve ou sarabia. _____
- A auga do mar evapórase. _____
- O vapor de auga condénsase e forma as nubes. _____
- Parte da auga cae aos ríos, que a devolven ao mar; outra parte penetra na terra e forma as augas subterráneas. _____

Tema 5

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

O **relevo de interior** é o conxunto das distintas formas que pode presentar a superficie terrestre que non está en contacto co mar. O relevo de interior pode ser **montañoso** ou **chan**.

1 Explica as diferenzas entre os seguintes termos.

- Montaña e chaira: _____

- Serra e cordilleira: _____

- Meseta e depresión: _____

2 Completa as definicións coa parte da montaña a que se refire (pé, ladeira e cumio).

Escribe cada número onde corresponda no debuxo.

1. O _____ é o punto máis baixo da montaña.
2. O _____ é o punto máis alto da montaña.
3. A _____ é o terreo inclinado entre o pé e o cumio.



Tema 5

Nome _____ Data _____


REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A **costa** é a beira do mar. A costa ten diferentes formas do relevo. Estas poden ser **entrantes de terra** no mar, como as puntas e os cabos; ou **entrantes de mar** na terra, como as baías e os golfos.

1 Explica as diferenzas entre cabo e golfo.

2 Anota no debuxo onde corresponda o número destas formas do relevo.

- | | | | |
|--------------|----------------|----------|---------------|
| 1. cabo | 3. illa | 5. delta | 7. acantilado |
| 2. península | 4. arquipélago | 6. baía | 8. praia |



Tema 5

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Galicia ten **paisaxes naturais** de costa, de interior e de montaña. A súa **vexetación** é abundante, en forma de bosque e monte baixo. As persoas transformaron moitas paisaxes coa construción de localidades, vías de comunicación e actividades económicas. Algunhas paisaxes naturais están protexidas.

1 Dá algúns exemplos de paisaxes de Galicia.

- Paisaxes de costa: _____

- Paisaxes de interior: _____

- Paisaxes de montaña: _____

2 Relaciona os elementos humanos que transforman a paisaxe. Pon algún exemplo.

- | | |
|--------------------------|---|
| núcleos de poboación • | • estradas, vías férreas e aeroportos... |
| vías de comunicación • | • fábricas, portos, granxas, campos de cultivo... |
| actividades económicas • | • aldeas, vilas e cidades. |
- _____
- _____
- _____

3 Escolee os elementos para completar as oracións sobre os espazos protexidos.

bosques – paisaxes – portos – animais – plantas

En Galicia protéxense algúns espazos para conservar as súas _____, como as Illas Atlánticas, as súas _____, como a camariña, e os seus _____, como o corvo mariño .

Tema 6

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As **aldeas** son localidades pequenas en que viven poucas persoas. Os habitantes das aldeas forman a **poboación rural**. As **vilas** son localidades de tamaño mediano.

1 Fíxate nesta aldea e marca as opcións correctas en cada caso.



- As rúas son:
 - anchas.
 - estreitas.
 - longas.
 - curtas.
- As vivendas son:
 - altas.
 - baixas.
- Os seus habitantes dedícanse:
 - á agricultura.
 - á industria.
- Esta aldea está na:
 - chaira.
 - montaña.

2 Observa as ilustracións e escribe *montaña* ou *costa*, segundo corresponda. Despois, di en que traballan os seus habitantes en cada caso.



É unha vila de _____

Os habitantes traballan sobre todo en _____



É unha vila de _____

Os habitantes traballan sobre todo en _____


Tema 6

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As **ciudades** son localidades grandes en que viven moitas persoas. As cidades divídense en **barrios**. Os seus habitantes forman a **poboación urbana**.

1 Completa o debuxo cos seguintes termos: centro histórico, periferia e ensanche.



2 Completa o texto.

- A maior parte da poboación das cidades dedícase aos _____.
- Nas cidades, os habitantes percorren _____
e, por iso, utilizan _____ para chegar ao traballo ou ao colexio.

3 Le e escribe C se se trata dunha cidade ou A se se trata dunha aldea.

- Os seus habitantes forman a poboación urbana.
- Hai campos de cultivo.
- A maioría das persoas traballan dando servizos.
- Hai numerosos medios de transporte, como o metro ou o autobús.
- As distancias son curtas entre un lugar e outro.